

# **INFORME LEXISLATIVO: MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO**

**(Orde do 20 de febreiro de 2004, DOG do 26 de febreiro)**

Milagros Couto Llamas  
Inspectora de Educación  
Profesora Asociada USC

Antes de traballar coa presente *Orde do 20 de febreiro de 2004*, deberíase situar na normativa de rango superior que sustenta as disposicións desta.

A *Lei orgánica 2002 do 23 de decembro*, da calidade da educación (LOCE), prevé no artigo 42º a incorporación ao sistema educativo dos alumnos estranxeiros.

Así, considera que as administracións educativas favorecerán a devandita incorporación, especialmente cando estean en idade de escolarización obrigatoria e descoñezan a lingua e cultura españolas ou presenten graves carencias de coñecementos básicos.

Partindo desta premisa, as administracións deberán organizar programas enfocados á incorporación dos alumnos ao seu nivel correspondente.

A impartición dos programas poderá desenvolverse en aulas específicas dentro dos centros ordinarios, pero de forma simultánea á inclusión nun grupo de referencia.

O artigo 42º da LOCE tamén prevé o caso dos alumnos maiores de 15 anos con graves problemas de adaptación que poderán ingresar nun PIP (programa de iniciación profesional).

Igualmente, contéplase o dereito e o deber dos alumnos de coñecer e respectar tanto as normas xerais como as específicas que atinxen á convivencia no centro educativo no que se escolaricen.

Isto trae consigo que as familias poidan ser asesoradas de todo canto lles poida afectar no relativo a posibles situacións legais que as administracións educativas regulen.


Coas premisas anteriores que a LOCE dispón, a Administración educativa galega con competencias plenas neste ámbito, establece na *Orde do 27 de decembro de 2002* (DOG do 30 de xaneiro de 2003), as condicións e criterios para a escolarización dos alumnos estranxeiros, en concreto, nos seus artigos 13º, 17º e 18º.




Con este fin, considérase no propio preámbulo da orde, a atención ás necesidades educativas especiais vencelladas a situacións sociais ou persoais, xa sexan temporais (como é o caso que agora tratamos) ou permanentes.



Por último, non se debe esquecer que o ámbito de aplicación das ordes ás que facemos referencia, afecta a todos os centros educativos sostidos con fondos públicos.

Seguidamente, tratarase de clarificar os aspectos máis salientables para os profesionais do ensino que a Orde do 20 de febreiro regula, cara a ampliar a Orde do 27 de decembro, como consecuencia da chegada de poboación estranxeira e emigrantes galegos retornados á nosa Comunidade.




### ORDE 20 DE FEBREIRO DE 2004 (DOG 26 DE FEBREIRO) POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO


















DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA

CARÁCTER XERAL

Orde do 16/03/01 (DOG, 11 de abril)  
sobre o procedemento xeral da escolarización

CARÁCTER ESPECÍFICO

Escolarización inmediata á chegada ao país

Curso de incorporación segundo idade ou segundo resposta ás súas  
necesidades

Nunca a incorporación será nun curso inferior aos dous anteriores  
segundo criterio xeral

Incorporación á E.I. se existen n.e.e.

E.S.O

ver lexislación citada no punto 2

